

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía				
Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía			
Código	V01G230V01518			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Agustín Guijarro, Javier de			
Profesorado	Agustín Guijarro, Javier de			
Correo-e	jagustin@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia céntrase esencialmente no estudo da teoría terminolóxica xeral e das súas aplicacións á elaboración de recursos terminográficos pertinentes na actividade tradutora. Nela dáse tamén unha visión panorámica dos problemas que suscitaron as terminoloxías nos distintos campos ao longo da historia e das solucións propostas. Tras cursala, os alumnos deber ser capaces de resolver os problemas terminolóxicos que se expoñen na actividade tradutora e de realizar traballos terminográficos especializados.			

Competencias	
Código	
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C10	Capacidade de traballo en equipo
C11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
C12	Posuír unha ampla cultura
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
D4	Resolución de problemas
D5	Coñecementos de informática aplicada
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Traballo en equipo
D14	Motivación pola calidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual
D24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os fundamentos teóricos e metodolóxicos da descrición terminolóxica	C6 C8

Coñecer, identificar e solucionar os problemas terminolóxicos presentes nos procesos de tradución/interpretación	C5 C6 C8 C10 C11 C12	D2 D4 D7 D9 D14 D23
Coñecer a evolución nos estudos das terminoloxías	C8	D2 D9 D14 D15 D23
Avaliar a adecuación terminolóxica, tanto en documentos especializados como xeneralistas.	C5 C6 C8 C11	D4 D5 D6 D7 D9 D22 D23
Coñecer e utilizar adecuadamente recursos terminolóxicos	C5 C6 C8 C10 C11	D2 D4 D5 D6 D7 D9 D15 D23
Coñecer a terminoloxía terminográfica e elaborar ferramentas terminolóxicas con obxectivos predefinidos.	C5 C6 C8 C10 C11	D2 D3 D4 D5 D6 D7 D11 D12 D14 D24

Contidos

Tema	
1.INTRODUCIÓN ÁS TERMINOLOXÍAS COMO OBXECTO DE ESTUDO.	1. 1. Aproximación ás terminoloxías e ao seu estudo. 1. 2. Historia dos estudos da terminoloxía: escolas e metodoloxías. 1. 3. O estudo da terminoloxía e as súas relacións con outras disciplinas.
2. FUNDAMENTOS XERAIS DA TEORÍA DOS TERMOS.	2. 1. Linguaxe especializada e lingua xeral. 2. 2. Modelos terminolóxicos. 2. 3. O termo: definición e precisións lingüísticas.
3. O TERMO: CONCEPTO E DENOMINACIÓN.	3. 1. O concepto: características, tipos, relacións. 3. 2. A denominación: análise estrutural. 3. 3. Relacións entre denominación e concepto.
4. INFORMACIÓN ESPECIALIZADA E TERMINOGRAFÍA.	4. 1. Actividades e áreas de coñecemento: referentes, conceptos e documentos especializados. 4. 2. Terminografía e lexicografía: produtos terminográficos. 4. 3. Metodoloxía terminográfica.
5.NORMALIZACIÓN TERMINOLÓXICA E TERMINÓTICA.	5. 1. Neoloxía e normalización terminolóxica. 5. 2. Tratamento electrónico dos termos. 5. 3. Ferramentas terminolóxicas para a tradución.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	28	45	73
Resolución de problemas e/ou exercicios	7	10	17
Estudo de casos/análises de situacións	10	20	30
Probas de tipo test	2	10	12
Traballos e proxectos	1	17	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	As clases maxistrais permitirán a transmisión de información fundamental, teórica e metodolóxica, desde o docente aos discentes e complementaranse con metodoloxías integradas, como son o ensino baseado en proxectos de aprendizaxe e a aprendizaxe colaborativa, para fomentar tanto a intervención activa dos alumnos en clase, como a toma de responsabilidades dos mesmos no desenvolvemento da súa formación académica.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Como aplicación práctica do explicado nas clases maxistrais, proporase aos estudantes a realización de exercicios, parte dos cales deberán ser entregados a través da plataforma de teledocencia, dentro dos prazos que se establezan.
Estudo de casos/análises de situacións	Realizaranse estudos particulares de casos en documentos especializados e xeneralistas. Esta actividade será tutelada e permitirá ao estudante exercitarse na resolución de problemas terminolóxicos que lle axudarán na elaboración de ficheiros terminolóxicos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	O profesor atenderá as dúbidas do alumnado tanto en horas de clase como en horas de titoría.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesor atenderá as dúbidas do alumnado tanto en horas de clase como en horas de titoría.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Sesión maxistral	Exporanse preguntas ao alumnado acerca da materia explicada, así como das lecturas complementarias fornecidas.	4	D7 D9 D14 D15 D22 D23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os alumnos presentarán, oralmente ou por escrito -segundo o estime o profesor-, os resultados dos exercicios propostos.	8	C5 C8 C12 D2 D6 D7 D9 D14 D23 D24
Estudo de casos/análises de situacións	Os alumnos darán conta argumentadamente, de forma oral ou por escrito -segundo o estime o profesor-, dos resultados obtidos nos sucesivos estudos de casos que leven a cabo.	8	C5 C8 C12 D2 D4 D6 D7 D9 D14 D22 D23
Probas de tipo test	Ao final de curso, realizarase unha proba tipo test, en que se avaliará o nivel de coñecementos teóricos do alumno. Nesta proba poderase esixir ao alumno a argumentación concisa das súas respostas.	40	C5 C12 D2 D4 D7 D9 D14 D15 D22 D23

Traballos e proxectos	Ao longo do cuadrimestre, de forma individual ou en grupo non superior a seis membros, elaborarase un traballo terminográfico, consistente basicamente nun ficheiro terminolóxico, que se entregará ao final do cuadrimestre.	40	C5 C8 C10 C11 C12	D2 D3 D4 D5 D6 D7 D9 D11 D12 D14 D15 D22 D23 D24

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A avaliación continua só está vencellada á primeira convocatoria e a nota correspondente a ela resultará das intervencións dos alumnos en clase e da resolución de exercicios expostos ao longo do cuadrimestre.

2. A avaliación única constará dunha proba tipo test e do traballo terminográfico, cada un dos cales valerá, neste caso, o 50% da nota final.
3. O dereito á avaliación continua pérdese tras 4 ausencias inxustificadas ás sesións en que se requiriu a intervención do alumno.
4. Para poder aprobar a materia, é necesario aprobar independentemente a proba tipo test e o traballo terminográfico. Por tanto, se un alumno non supera unha parte da materia, en acta aparecerá como suspenso; se supera unha parte e non se presenta á outra, en acta aparecerá como non presentado.
5. Se un alumno non aproba unha parte da materia ou non se presenta a ela, pero supera a outra -sexa a teórica ou a práctica-, consérvaselle a nota desta para edicións e convocatorias posteriores. 6. Ao final de cuadrimestre, se o docente o considera necesario, poderá convocar aos alumnos individualmente a fin de obter información complementaria -acerca dos seus coñecementos e destrezas- que lle permita optimizar a súa avaliación.
7. Para poder dar conta da avaliación continua, é necesario que os alumnos entreguen ao profesor unha ficha de materia cos seus datos persoais e fotografía. Esta ficha entregarase persoalmente no quince primeiros días de clase.
8. Para a avaliación final dos aspectos teóricos da materia, existirán dúas oportunidades: o exame final *stricto sensu* -que terá lugar na data fixada polo decanato e ao que deberán presentarse os alumnos de avaliación única- e o "exame previo" -que se realizará durante a semana previa ao exame final -ambos do mesmo tipo e centrados nos mesmos contidos. Os alumnos de avaliación continua que o desexen poderán presentarse ao exame previo; quen o supere quedará liberado da parte teórica; quen non o supere ou non se presente ao exame previo deberá presentarse ao exame final.
9. O traballo terminográfico entregarase o día da realización do exame final ou ben o día que se acorde cos alumnos.
10. Na convocatoria de xullo, que se rexerá polos mesmos criterios que a de xaneiro, os alumnos cuxo traballo terminográfico non obtivese o aprobado na convocatoria de xaneiro poderán presentar ese mesmo traballo coas correccións sinaladas polo docente, ou ben elaborar un novo traballo terminográfico e presentalo. No primeiro caso, a nota máxima que se poderá obter será de 2/4 (ou de 2.5/5, para os alumnos de avaliación única); no segundo caso, non haberá limitación para a obtención da nota máxima.
11. Todo o explicitado na presente guía docente será tamén de aplicación para os alumnos de intercambio, que, por outra banda, deberán posuír un bo nivel de competencia da lingua española que lles permita seguir as clases sen dificultade.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA

ARNTZ, R., PICHT, H., 2004 (5ª ed.), *Einführung in die Terminologiearbeit*, Hildesheim, Georg Olms.

CABRÉ, T. (ed), 1999, *Terminología y modelos culturales*, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, Barcelona.

KAGEURA, K.,2002, *The Dynamics of Terminology : a Descriptive Theory of Term Formation and Terminological Growth***,** Ámsterdam/Philadelphia, J. Benjamins.

KLEIBER, G, 1990, *La sémantique du prototype:catégories et sens lexical*, Paris, Presses Universitaires de France.

SAGER, J.C., 1990, *A Practical Course in Terminology Processing*, Amsterdam-Filadelfia, John Benjamins.

WÜSTER, E., [CABRÉ, T. (ed)], 1998, *Introducción a la teoría general de la terminología y a la lexicografía terminológica*, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, Barcelona.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301
Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma Tema de Faitic como contorna de comunicación virtual e colectiva.